


# CONSELLOS PARA PAIS E NAIS DE NENOS E NENAS DO 1º CICLO DE PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

C.E.I.P. "A Ponte" - Lugo

## CONSELLOS PARA PAIS E NAIS DO ALUMNADO DO 1º CICLO DE PRIMARIA

-----

A influencia da familia é decisiva para fomentar lectores que desenvolvan a práctica da lectura ao longo de toda a súa vida e non só durante o período escolar. Vós, pais e nais, xogades un papel moi importante no desenvolvemento dos hábitos lectores dos vosos fillos e fillas.

Por todo isto, indicámosvos uns poucos consellos para seguir cos nenos e nenas na casa e que axudan a fomentar o hábito e o interese pola lectura:

- 1. Buscade un tempo e un lugar para ler todos os días** cos nenos ou nenas, sen que a lectura teña relación coas tarefas escolares.
- 2. O exemplo é importante.** Os nenos e nenas imitan o que ven. Vervos ler un xornal, unha revista ou un libro, demostraralles que para vós ler é gratificante.
- 3. Lede xuntos**, sobre todo nas primeiras etapas nas que os nenos e nenas non son lectores autónomos. Sentade preto e lede para eles ou para elas.
- 4. Facede da lectura un tempo divertido.**

Cando os nenos e nenas son pequenos/as, podeades lerlles as historias xogando coa voz ou entoando poemas ou cancións.

### **5. Calquera motivo pode ser bo para ler:**

Unha excursión, facer un postre ou coñecer as regras dun xogo. As guías, os receitairos, os xornais, as instrucións ou a publicidade axudan ao neno e á nena a comprobar que ler é importante para calquera actividade.

### **6. Preguntade ao neno ou á nena polas súas lecturas.**

Se vos interesades polos libros que len, poderedes axudarlles a ser lectores/as activos/as.

### **7. Reservade tempos de lectura na casa.**

Incorporádeos ás rutinas de cada día. Facede imprescindible este hábito, axudará aos nenos e ás nenas a valorar os momentos de lectura.

### **8. Cando os nenos e as nenas xa saiban ler, seguid compartindo a lectura en familia.**

Gústalles escoitar historias lidas en voz alta a calquera idade e seguen necesitando do noso estímulo.